

Axudas a proxectos dirixidos a persoas con discapacidade da Fundación ONCE - 2020

Información relativa a esta convocatoria

- <https://www.fundaciononce.es/pagina/proyectos-y-solicitudes>
- Toda a documentación enviarase ao seguinte correo-e: convocatoriaproyectos2020@fundaciononce.es
- **Prazo de presentación de solicitudes:** 16 de xaneiro de 2020 ao **30 de xuño de 2020, ás 12 h do mediodía**, ambos inclusive.
- Para a xustificación nesta ligazón: www.fundaciononce.es/es/pagina/justificacion-y-pagos

De seguido debúllanse os programas para os que se pode solicitar colaboración económica da Fundación ONCE. En cada un deles enúncianse as actuacións contempladas así como a documentación a presentar.

- [Creación de postos de traballo](#)
- [Xornadas e congresos](#)
- [Autoemprego](#)
- [Formación](#)
- [Vehículos para transporte colectivo](#)
- [Accesibilidade da comunicación sensorial](#)
- [Axudas individuais de accesibilidade para o emprego](#)
- [Estudos, publicacións e sensibilización](#)
- [Programas de atención para a autonomía persoal](#)
- [Inversión en centros de servizos](#)
- [Creación de prazas ocupacionais](#)

Solicitantes

- Calquera persoa física de nacionalidade española afectada por calquera tipo de discapacidade.
- Calquera entidade de nacionalidade española, dotada de personalidade xurídica que, consonte os seus estatutos, desenvolva unha actividade coincidente coa que leva a cabo a Fundación ONCE. Contémplanse particularmente neste grupo as entidades sen fins lucrativos no eido do movemento asociativo de persoas con discapacidade, é dicir, asociacións, federacións, fundacións e confederacións nos distintos eidos de actuación xeográfica.

Prazo de presentación de solicitudes

Ata o **30 de xuño de 2020**, ás 12:00 h.